# CONSTRUÍR A COLECCIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR NUN CONTEXTO CAMBIANTE




**Montse Pena Presas**

montserrat.pena@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela

Proxecto "Lecturas no ficcionales para la integración de ciudadanas y ciudadanos críticos en el nuevo ecosistema cultural", dirigido por Rosa Tabernero Sala (IP), Universidad de Zaragoza (PID2021-126392OB-I00)

# POR QUE FALAMOS DUN CONTEXTO CAMBIANTE?

**Irrupción da IA**, con todo o que supón na educación.

- **Combinación de prácticas lectoras entre o dixital e o analóxico** que nos fan estar perdidas. Que lean máis significa que lean mellor? Baixada de 14 puntos en PISA con respecto ao anterior; en PIRLS 12 puntos por debaixo da OCDE.
- **Emerxencia lingüística:** entre 5 e 14 anos só fala galego un 16%**.** Que poden facer os libros pola lingua galega?
- **Plurilingüismo nas aulas**. Que poden facer os libros pola integración de quen chega?

Contexto no que **prima a materialidade cada vez máis** (Tabernero, 2019), como se pode ver nos álbums, nas novelas gráficas, mais tamén nas edicións comerciais da literatura xuvenil.

**IMPORTANCIA DO DESEÑO E DE FORMATOS QUE APOSTEN POR ESTE**

# QUE SIGNIFICA SER MEDIADORA HOXE?




Imaxe creada por Copilot, 2025.

Suxeitos que poñen en xogo a súa propia experiencia en canto lectoras e lectores e que amosan unha actitude de dispoñibilidade e hospitalidade. (...) Suxeitos que integran saberes e habilidades de diferentes dimensións: educación, bibliotecas, traballo social, artes, comunicación virtual e audiovisual.

(Munita, 2021, p. 81)

"Suxeitos lectores didácticos"

# FUNCIÓNS DAS MEDIADORAS DE LECTURA

Nuevas destrezas para los mediadores de la lectura (2017)

- Prescrición e acceso aos textos
- Deseño de experiencias significativas de lectura
- Fomentar o gusto pola lectura
- Promover o acceso aos textos en lugares pouco habituais
- Axudar á construción de destrezas de lectura

Fomentar a lectura crítica de calquera tipo de texto

´Funcións que están a cambiar moi axiña

# COMO ESTAMOS MEDIANDO A LECTURA NAS AULAS?

- En EI detéctanse moitas **actividades de aproximación á linguaxe** escrita, pero poucas, pautadas, de educación literaria. Trabállase, maioritariamente, o xénero narrativo.
- En EP adoita prevalecer a **literatura infantil**. Trabállase a educación literaria dunha maneira máis pautada que na etapa anterior. "Los criterios de selección del corpus tienen más que ver con la facilidad de conseguir los títulos que ofrecen las grandes editoriales que con otros específicos que contemplen la calidad literaria" (Núñez e Santamarina, 2022).
- En ES hai unha crecente confusión entre a **lectura de clásicos pouco acompañada** e a presenza esporádica de títulos de literatura infantoxuvenil.
- **Pouca expansión dos itinerarios lectores entre niveis.**

Como imos formar lectoras de poesía?

Como imos formentar as linguas minorizadas?

Como imos formar lectoras de literatura dramática e de ensaio?

# OS CRITERIOS DE SELECCIÓN (OU O GRAN DILEMA)

Unha selección variada, coma se fose un menú coidadosamente preparado

Unha selección que aposte pola lingua minorizada

Unha selección que teña en conta que non hai libros per se para nenas de 3 anos, nin para mozos de 14

Unha selección que se revise cunha certa frecuencia.

Unha selección con bibliodiversidade editorial

Unha selección adaptada ao contexto da biblioteca

Unha selección viva, coidada, singular, que atenda ás novidades mais que non desatenda aos clásicos

Unha selección que cumpra con ese equilibrio ficción-non ficción

Unha selección que garanta as linguas en que fala o noso alumnado

Unha selección que conte tamén co noso propio "canon": eses libros que sabemos que funcionan

# A BIBLIODIVERSIDADE EDITORIAL

Porque o fondo dunha editora só non garante a calidade

Fabulatorio

Kalandraka

Editorial Galaxia

Aira Editora

Baía Edicións

triqueta editora

Chan da Pólvora

XERAIS

patasdepeixe

Catroventos Editora

Edicións Embora

Boadicea editora

Hércules Editora

cuarto de inverno

sushi books

APIARIO

OQO

ANTELA EDITORIAL

Pepa a Loba Editora

Bululú

E seguro que queda algunha!

# POR QUE É IMPORTANTE A SELECCIÓN?



# COMO REALIZO A SELECCIÓN?

Baseado en Colomer, 1998 e 2015

### Calidade literaria e estética

- Relación principio-final
- Linguaxe
- Estilo das ilustracións (complementariedade, recorrencia, oposición)
- Edición coidada

### Combinación de clásicos e textos que son novidades

- Variedade xenérica
- Atención ás novidades editoriais
- Recorrencia a listaxes de libros importantes
- Valoración de libros premiados
- Variedade editorial

### Adecuación á competencia lectora e literaria

- Coñecemento do grupo
- Intereses lectores
- Calibrar o nivel lector do grupo e ir subindo nel

### Diversidade de funcións, de temáticas e de lectorado

- Para quen?
- Para que?
- Por que?
- Variedade

# POR QUE É NECESARIO REVISAR A SELECCIÓN?

## Sobre a calidade das obras

- Optamos por elixilos porque son libros didácticos para traballar tal tema?
- Temos edicións que se adapten ás necesidades do noso alumnado? Son atractivas?

## Sobre a adecuación aos destinatarios

- Son libros adecuados para a competencia lectora esperada?
- Son libros que interesan ao público de X idade?

## Sobre a incorporación da tradición

- Hai obras da tradición oral?
- Eliximos boas versións?

## Sobre os clásicos da LIX

- Hai obras que axuden ao lectorado a afondar na memoria colectiva?
- Son adaptacións? Ten sentido ter adaptacións nun centro de secundaria?

## Sobre a variedade das obras

- Hai diferentes xéneros?
- Hai variedade de estilos no texto e nas ilustracións?
- Existe variedade de temas? E de dificultades lectoras?
- Hai libros que permitan "acoller" a nenas e mozos que cheguen a Galicia?

(Colomer, 2015 con engadidos de Pena)

# OS CRITERIOS DE SELECCIÓN (OU O GRAN DILEMA)

Os criterios de selección son moi diversos. Por iso, unha opción pode ser que, cando nos toque r**evisar a colección da BE ou da BA o fagamos atendendo a un criteri**o ou dous de cada vez.

**Isto permitiranos fixarnos especialmente neses baleiros:** eses clásicos con edicións que non se adaptan, a falta de álbums para público xuvenil, a ausencia de banda deseñada, a primacía de "libros de valores" ou libros comerciais...

Neste caso, a selección que vos amoso agora atende especialmente a 3 criterios: **o coidado na materialidade** –no deseño-, o feito de querer **incorporar novidades e o canon docente de meu.**

Non hai coleccións perfectas, mais si coleccións coidadas.

# A NARRATIVA: DIFERENTES "GRUPOS" CREANDO A UN TEMPO

Diferentes momentos de incorporación á escrita, tamén dentro de cada un deles

**A Xeración Lamote e as autoras implicadas coa renovación pedagóxica**

- Fina Casalderrey, Paco Martín, Agustín Fernández Paz, Xabier Docampo) e as mestras e mestres que se implicaron na creación dunha LIX galega de calidade (Marilar Aleixandre, Miguel Vázquez Freire, Helena Villar, María Victoria Moreno)

**O grupo nacido no final da Ditadura**

- Xosé A. Neira Cruz, María Solar, Marcos Calveiro, Francisco Castro, Fran Alonso, Xavier Estévez

**O grupo do 83**

- Ledicia Costas, Antonio M. Fraga, Rosa Aneiros, María Canosa, María Reimóndez, Érica Esmorís, Iria Misa

**As novas voces**

- Andrea Maceiras, Antía Yáñez, Berta Dávila, Xavier Domínguez

# ALGUNHAS DESCUBERTAS NARRATIVAS…















# A NARRATIVA PARA LECTORADO DE FRONTEIRA















# ALGUNHAS DESCUBERTAS ENTRE A FICCIÓN E A NON FICCIÓN












# PROPOSTAS POÉTICAS PARA LECTORADO DE FRONTEIRA















Pava, a banda de Lucía Aldao

# E QUE PASA CO TEATRO?

Importancia dos nomes propios e dos premios (Barriga Verde, Manuel María, Vidal Bolaño)







As posibilidades do "álbum dramático" (Sbriziolo, 2022)



O *kamishibai* de Antela Editorial




Cómpre non esquecer os nomes clásicos...

AS ~~DIFICULTADES PARA ATOPAR LITERATURA DRAMÁTICA EN GALEGO NO MAGMA EDITORIAL~~

# A APOSTA DA NON FICCIÓN POLA MATERIALIDADE












# O ÁLBUM SEGUE SORPRENDENDO...












# E DEIXAR SEMPRE ESPAZO PARA A SORPRESA...












E SEN ESQUECER AOS CLÁSICOS: SENDAK, LIONI, UNGERER,

**TAMÉN NOUTRAS LINGUAS...**

# E MESMO EN FORMATOS INESPERADOS E SORPRENDENTES






# É POSIBLE MANTER O CRITERIO DE SELECCIÓN ATENDENDO AO DESEÑO EN LINGUA GALEGA?

- -As dificultades para coidar a colección atendendo á materialidade fanse máis complexas ao querer seleccionar en lingua galega.
- -Formatos que seguen precisando unha atención singular pola súa escaseza: o álbum para público adolescente, a novela gráfica (a pesar da colección homónima de Rinoceronte), a non ficción infantil e xuvenil (que segue sendo insuficiente en galego) e, en xeral, a narrativa. Por que non ter edicións coidadas para gozar da materialidade?
- Hai o mesmo coidado en editar autoras e autores galegos cunha aposta material importante que en editar outras voces?

# AS MEDIADORAS COMO LECTORAS













*A Galicia deseñada.* Marcos Dopico, Cibrán Rico e Suso Vázquez.

# POR QUE SEGUIR APOSTANDO POLA LITERATURA NUN CONTEXTO CAMBIANTE?

- "La literatura no solo es solo principio y origen de la libertad intelectual, sino que ella misma es un universo de idealidad libre, un territorio de la infinita posibilidad. **Los libros son puertas que nadie podrá cerrarnos jamás, a pesar de todas las censuras.** Solo una censura es realmente peligrosa: aquella que, inconscientemente, nos impusiéramos a nosotros mismos porque hubiéramos perdido en la sociedad de los andamiajes y los grumos mentales, **la pasión por entender**, la felicidad hacia el saber".

EMILIO LLEDÓ. *Necesidad de la literatura*



# BIBLIOGRAFÍA CITADA


Colomer, T. (1999). *Introducción a la literatura infantil y juvenil.* Síntesis

Colomer, T. (2015). *Narrativas infantiles y juveniles en educación infantil y primaria*. Síntesis.

Lledó, E. (2025). *Necesidad de la literatura.* Nórdica.

Munita, F. (2021). *Yo, mediador(a). Mediación y formación de lectores.* Octaedro.

Núñez, Mª. P., y Santamarina, M.(2022). Canon de lecturas, prácticas de educación literaria y valores de la ciudadanía europea.T*avira. Revista Electrónica de Formación de Profesorado en Comunicación Lingüística y Literaria*, (27),1-10. https://doi.org/10.25267/Tavira.2022.i27.1102

Tabernero Sala, R. (2017). *El objeto libro en el universo infantil.* Prensas de la Universidad de Zaragoza.


